

**PROGRAMA DE CAPTACIÓN DE TALENTO INVESTIGADOR DE EXCELENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO**  
**CONVOCATORIA 2016**

A Universidade de Vigo ten demostrado un claro compromiso coa excelencia en todas as súas facetas de actividade, e moi especialmente no relativo á promoción da investigación e a transferencia de coñecemento en todos os ámbitos. O progreso de calquera institución neste eido, cara a acadar unha posición de liderado e un recoñecemento nacional e internacional, require a posta en marcha de estratexias axeitadas para a captación e retención de talento investigador. Existen claros exemplos, tanto nacionais como estranxeiros, de estruturas de I+D+i de éxito probado e indubidable, nas que o desenvolvemento de programas ambiciosos para a incorporación de persoal investigador de moi alto nivel curricular e prestixio internacional foi, e segue sendo, fundamental para acadar e manter unha posición de preeminencia.

Durante os últimos anos, a Universidade de Vigo apoiou e puxo en marcha programas orientados á captación de persoal investigador e á consolidación da súa actividade dentro das liñas de investigación desenvolvidas na Universidade. Estes programas foron deseñados co obxectivo principal de complementar e dar continuidade a outros promovidos polas administracións autonómica ou estatal. Conscientes da importancia de abordar accións específicas para a captación de persoal investigador de moi alto nivel curricular, destacado non so pola súa excelencia e liderado científico, senón polo impacto da súa investigación e o recoñecemento internacional dentro do grupo dos e das mellores do seu campo, no ano 2015 desenvolveuse a primeira convocatoria do *Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo*. Este programa pretende facilitar a incorporación á nosa universidade de persoal investigador de moi alto nivel e de calquera área de coñecemento, que poida impulsar un salto cualitativo nos resultados de I+D+i e o posicionamento internacional da institución. A acción proposta está baseada na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, a cal establece que os organismos públicos de investigación, caso da Universidade de Vigo, poderán contratar persoal investigador en réxime laboral baixo as modalidades contractuais establecidas nos seus artigos 21, 22 e 23 ou baixo calquera outra modalidade temporal, que dea acomodo á realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.

## **1. Obxectivo**

A presente convocatoria ten como obxectivo a realización dun proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal de persoal investigador doutor, de moi alto nivel curricular, destacado non so pola súa excelencia e liderado científico, senón polo impacto da súa investigación e o recoñecemento internacional dentro do grupo dos e das mellores do seu campo de actividade.

## **2. Número e características dos contratos**

O programa ofrece inicialmente dous contratos de cinco anos de duración, na modalidade de investigador/a distinguido/a prevista no artigo 23 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Dependendo do éxito da convocatoria e a dispoñibilidade orzamentaria, poderá ampliarse o número de contratos ofertados.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade, suspenderan o computo da duración do contrato.

O salario bruto anual fixarase segundo o nivel curricular das persoas contratadas, e estará en liña co das diversas categorías de profesorado universitario. Poderá acordarse unha retribución adicional variable e/ou incrementos salariais durante a duración do contrato, suxeitos á consecución de obxectivos e á avaliación positiva da actividade. Aparte das retribucións salariais, tamén poderá estipularse unha asignación económica, en concepto de gastos de execución da liña de investigación proposta.

Unha vez transcorridos os 5 primeiros anos de contrato, poderá promoverse a renovación do mesmo, por períodos adicionais de 5 anos de duración, sempre que se supere satisfactoriamente o pertinente proceso de avaliación resultados.

### 3. Financiamento

O programa financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 0000 131H TAL de cada un dos exercicios nos que se desenvolva, no marco das dispoñibilidades orzamentarias da Universidade de Vigo.

### 4. Requisitos das persoas solicitantes

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos:

- a. Ter o título de doutor/a
- b. Ter un mínimo de tres anos de experiencia pre-doutoral e/ou post-doutoral internacional
- c. Non ter relación contractual coa Universidade de Vigo no momento da solicitude, nin a ter tido nos doce meses anteriores á publicación desta convocatoria

***Só se considerarán candidatas e candidatos cunha traxectoria investigadora excepcional a nivel internacional, e excelente capacidade de liderado. As mulleres aspirantes son especialmente benvidas.***

O persoal contratado deberá contribuír substancialmente ao desenvolvemento das súas áreas de investigación e ter un forte impacto nos resultados de I+D+i da Universidade de Vigo, podendo de ser o caso liderar liñas ou accións estratéxicas.

Como exemplo do nivel curricular esixido, indícanse a continuación méritos que poderían ser considerados favorablemente:

- Estar incluído/a na lista de investigadores e investigadoras altamente citados/as publicada por Thomson Reuters en 2015 en calquera categoría científica (<http://highlycited.com>)
- Ter publicado artigos de investigación nas revistas Nature ou Science, ou de nivel similar, durante os últimos cinco anos.
- Ser beneficiario/a ou ter sido finalista dunha das convocatorias do European Research Council (ERC): Starting Grant, Consolidator Grant, Advanced Grant
- Ter unha produción científica axeitada ao nivel da súa área de investigación, e cun impacto tal que unha proporción significativa desta produción estea situada no 10% superior por número de citas no ámbito que corresponda

## 5. Avaliación e selección

A selección será realizada por unha comisión nomeada polo reitor, e composta pola Vicerreitora de Investigación e Transferencia, que a presidirá, e catro investigadoras e investigadores da Universidade de Vigo, de distintos ámbitos de coñecemento e recoñecido prestixio. A Comisión poderá contar cón asesoramento de persoal investigador experto, externo á Universidade, en calquera das fases do proceso.

A Comisión de Selección realizará unha revisión inicial das solicitudes recibidas, valorando se se cumpre a condición de traxectoria investigadora excepcional e excelente capacidade de liderado, así como a viabilidade material de desenvolvemento na Universidade de Vigo da liña de investigación proposta. En caso afirmativo, procederase ás fases seguintes do proceso de avaliación:

### a. Avaliación externa por pares

A Comisión de Selección designará un mínimo de dous investigadoras ou investigadores de moi alto nivel e relevancia internacional no área de actividade de cada persoa aspirante, e externos/as ao sistema de I+D+i galego, para a avaliación do currículum vitae e a liña de investigación proposta. Os paneis de avaliadores externos estarán compostos por persoal investigador de nivel igual ou superior ao requirido aos solicitantes. Os informes de avaliación emitidos deberán ser motivados e reflectir unha puntuación numérica.

Na avaliación do currículum vitae teranse en conta aspectos como as publicacións, con especial referencia ao seu impacto e calidade, participación e dirección de proxectos, ou as colaboracións internacionais.

Na avaliación da liña de investigación proposta, ademais da viabilidade de realización da mesma na Universidade de Vigo e a adecuación as liñas estratéxicas da institución, teranse en conta o potencial impacto da mesma, non só no que se refire á xeración de resultados, senón á posible influencia na política científica e nas prácticas habituais.

Unha vez recibidos os informes externos de avaliación, a Comisión de Selección establecerá se o persoal solicitante supera a primeira fase de avaliación, pasando polo tanto á fase seguinte.

### b. Entrevista

O persoal solicitante que supere a fase da avaliación externa por pares será entrevistado pola Comisión de Selección, presencialmente ou por videoconferencia. Poderá pedírselle ao persoal solicitante que realice unha breve exposición pública do seu historial e liña de investigación. Na entrevista, trataranse aspectos técnicos relacionados coa traxectoria investigadora da persoa candidata, así como as súas competencias e capacidades xerais, e a idoneidade da liña de investigación proposta. Tamén nesta fase de entrevista, a Comisión poderá contar cón apoio de persoal investigador experto nas áreas de coñecemento correspondentes, de recoñecido prestixio e externo á Universidade de Vigo.

O resultado da entrevista será expresado nun informe motivado e reflectido nunha puntuación numérica.

A Comisión de selección establecerá se o persoal solicitante supera a segunda fase de avaliación. En caso afirmativo procederase á negociación das condicións contractuais co persoal investigador seleccionado.

Os resultados de cada unha das fases do proceso serán comunicados aos/as candidatos/as por correo electrónico.

Durante todo o proceso de avaliación e selección, a Comisión velará pola igualdade de oportunidades e a non discriminación por motivos de xénero, idade, nacionalidade, grupo racial nin ningunha outra clase de discriminación.

## **6. Contratación e seguimento**

Convocarase ás persoas seleccionadas para formalizar un contrato como investigador/a distinguido/a conforme ao previsto no artigo 23 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, coas características correspondentes acordadas.

O desempeño do persoal investigador contratado será sometido a avaliación ao final dos tres primeiros anos de contrato. A avaliación será realizada por investigadoras ou investigadores de moi alto nivel e relevancia internacional na área de actividade de cada persoa contratada, designados/as pola Comisión de Selección. A avaliación terá en conta a produción científica e a actividade investigadora desenvolvida durante o período avaliado. Unha avaliación positiva pode conlevar un incremento salarial. No caso de contar cunha avaliación negativa, que será motivada, poderá darse por finalizado o contrato.

Unha vez transcorridos os 5 primeiros anos de contrato, poderá promoverse a renovación do mesmo, por períodos adicionais de 5 anos de duración, sempre que se supere satisfactoriamente unha avaliación do desempeño profesional durante o período, realizada de xeito análogo á avaliación intermedia descrita no parágrafo anterior.

## **7. Formalización de solicitudes e procedemento**

A convocatoria será publicada na páxina web e nos rexistros da Universidade de Vigo. Adicionalmente, darase difusión nacional e internacional á mesma, a través das principais publicacións e redes de información científica.

As solicitudes serán presentadas por correo electrónico, na dirección [vicinv@uvigo.es](mailto:vicinv@uvigo.es), achegando a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude, cumprimentado en inglés segundo o anexo, e incluíndo os datos persoais e profesionais, unha lista das 5 publicacións mais relevantes, un resumo da liña de investigación que se pretende desenvolver na Universidade de Vigo (máximo 2.000 caracteres), e unha expresión de motivación (máximo 3.000 caracteres)
- Currículum vitae do/a candidato/a en inglés (máximo 15 páxinas, nun único arquivo pdf de ata 4 Mb de tamaño)
- Datos de contacto de catro persoas que poidan dar referencias profesionais
- Un mínimo de dous e un máximo de catro cartas de referencia, en inglés e formato pdf ou .doc. Poden solicitarse ás persoas de contacto indicadas no punto anterior, ou a outras

Enviarase por correo electrónico ás persoas candidatas un acuse de recibo da solicitude presentada.

Non é necesario aportar xustificantes dos méritos indicados no currículum no momento da solicitude. En caso de ser necesario, a Comisión de Selección poderá solicitar ao persoal investigador aspirante, en calquera momento do proceso de avaliación e selección, a

documentación adicional que corresponda para avaliar axeitadamente a candidatura e verificar o cumprimento dos requisitos.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o día seguinte á aprobación desta convocatoria ata o 31 de decembro de 2016. O prazo poderá ampliarse mais alá desta data, no caso de non ser adxudicados todos os contratos ofertados e de existir dispoñibilidade orzamentaria. A Comisión de selección actuará como mínimo unha vez cada trimestre do ano, en caso de existir solicitudes.